



**C O N C E L L O**  
D E  
**A B E G O N D O**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**ASUNTO:** SESIÓN 2023/8 Extraordinaria DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL XOVES 13 DE ABRIL DE 2023 -  
**EXPEDIENTE:** 2023/G007/000008

**ACTA Nº 2023/8 SESIÓN Extraordinaria DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - TLEMÁTICA xoves 13 de abril de 2023**

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

**Asistentes:**

**ALCALDE-PRESIDENTE**  
JOSÉ ANTONIO SANTISO MIRAMONTES

**CONCELLEIROS**  
LAURA CALVO QUINTELA  
ALBERTO SEOANE BRANDARIZ  
FRANCISCA BESTILLEIRO ROEL  
GUSTAVO QUINDIMIL GOMEZ

Asiste como secretario en réxime de acumulación Adrián J. Márquez Caramés secretario da Corporación, que dá fe do acto. Unha vez aberto este pola Presidencia. Constatase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

2. PROXECTO DE EXECUCIÓN - ██████████
3. ACOMETIDA ELÉCTRICA EN BAJA TENSIÓN
4. COMUNICACION PREVIA DE OBRAS MENORES
5. COMUNICACION PREVIA DE OBRAS MAIORES E PECHES
6. SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE ABEGONDO

**1. APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES**

Apróbase a acta da sesión anterior.

**PÁSASE A CONTINUACIÓN A RELATAR AS SEGUINTE PROPOSTAS INCLuíDAS NA ORDE DO DÍA E QUE SON APROBADAS POR UNANIMIDADE DOS SEUS MEMBROS PRESENTES:**

**PROPOSTAS ORDINARIAS**

**2 .PROXECTO DE EXECUCIÓN - ██████████ – COMUNICACIÓN PREVIA CAMBIO TITULAR**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**ASUNTO:** PROXECTO DE EXECUCIÓN - [REDACTED] – COMUNICACIÓN PREVIA CAMBIO TITULAR LICENZA DE OBRA A FAVOR DE ALVARO JESUS PEREZ BECERRA

**EXPEDIENTE:** 2022/U022/000008

### INFORME DE SECRETARÍA

Adrián J. Márquez Caramés, secretario do Concello de Abegondo (A Coruña), no exercicio das funcións atribuídas no artigo 3 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, formulo o seguinte **INFORME:**

#### I.- ANTECEDENTES:

1. Preséntase a solicitude co rexistro de entrada (E.R.E) núm. 202299900000095 o día 08/02/2022 10:02:51 por parte de Don A [REDACTED] en representación de Don L [REDACTED] para LICENZA DE PROXECTO DE EXECUCIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR, sita no lugar de TORREIRO, na parroquia de MABEGONDO, de conformidade coas condicións particulares que se sinalan e as xerais precisadas para todas as obras.
2. Preséntase a solicitude con rexistro de entrada (E.R.E) núm. 202299900001268 o días 10/12/2022 por parte de Don ALVARO JESÚS PEREZ BECERRA para COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULAR DE LICENZA DE OBRA, sita no lugar de TORREIRO na parroquia de MABEGONDO.
3. **Consta escrito de cesión de licenza do titular da mesma Don L [REDACTED] en favor de Don A [REDACTED]**
4. **Consta escritura de compraventa de data 23 de agosto de 2021 ante o notario MARIA DE LA CRUZ NIETO PEÑAMARÍA**
5. Os servizos municipais emitiron o preceptivo informe técnico, tal e como consta no expediente.

#### II. LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Os artigos 9 a 19 do Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro.
- O artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- A Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Con data de 5 de abril de 2019 publicase o anuncio no Diario Oficial de Galicia da aprobación definitiva do Instrumento de Ordenación Provisional do concello de Abegondo.

#### III.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

**PRIMEIRO.** Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que fosen procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, de acordo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

**SEGUNDO.** O prazo máximo para resolver, en virtude do artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, será de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**TERCEIRO.** Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa licenza de obra poranse en coñecemento da Administración municipal os datos identificativos e achegarase a documentación prevista no artigo 24 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

**CUARTO.** Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo fosen realizados en terreos de dominio público, esixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirá ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No caso de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requirisen a previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando fose negativa ou se incumpriron as medidas correctoras determinadas na mesma.

Non poderá presentarse a comunicación previa nin concederse licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**QUINTO. O procedemento para levar a cabo a concesión da licenza urbanística é o seguinte:**

**A.** Presentándose a solicitude de licenza urbanística, achegando á mesma o correspondente proxecto completo redactado por técnico competente, será necesario informe técnico e xurídico dos Servizos Municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística. No informe técnico farase constar, ademais, se é necesario algún informe ou autorización doutra Administración ou da Comunidade Autónoma.

**Consta o informe técnico favorable e nel sen fan as referencias á necesidade ou non de afeccións sectoriais.**

**B.** Cando sexan procedentes autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras Administracións Públicas, o Concello remitiralles o expediente completo para que emitan autorización.

**C.** Emitidos os informes preceptivos, corresponderá resolver sobre o outorgamento da licenza ao Alcalde, de conformidade o artigo 61.1 ou) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación co artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o artigo 13 do Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro. **No caso presente está delegada na Xunta de Goberno local por decreto de 17.06.2019.**

**D.** A Resolución será notificada aos interesados aos efectos oportunos.

Debe terse en conta que este informe xurídico que esixe a normativa non se penetra en ningún caso en cuestións técnicas xa previamente examinadas polo técnico municipal nin no estudo das memorias dos proxectos nin dos planos senón en cuestións xurídicas e procedimentais. En cambio, se procedese outorgar a licenza de actividade clasificada ou de apertura, o órgano municipal competente pasará a resolver sobre a licenza urbanística, notificándose o pertinente en forma unitaria ao interesado.

**No informe referido nos antecedentes, o arquitecto técnico municipal indica, entre outras cousas que “cumpre con todas as determinacións do PXOM de Abegondo en vigor”**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**SEXTO.** A modo de motivación do acordo de referencia, reproducése aquí parte do contido do informe do técnico municipal:

3º INFORME TÉCNICO proxecto de execución

vivenda unifamiliar en Torreiro, MABEGONDO

EXPEDIENTE: 2022/U022/000008

**TIPO DE PROXECTO:**


PROXECTO de Execución

Promotor:

Arquitecto:

Localización: Núcleo de Torreiro, parroquia de MABEGONDO  
plano MA-02  
referencia catastral: 15001B508003900000PO

Núcleo rural complexo. Trama común  
SOLO DE NÚCLEO RURAL  
ORDENANZA 1. GRAO 3



1. ANTECEDENTES

O 8 de febreiro de 2022, presentase proxecto de execución de vivenda unifamiliar.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Expediente relacionado 2021/U022/000037. Licenza de proxecto básico en sesión de xunta de goberno de 2 de xullo de 2021.

Comprobase a correspondencia entre o proxecto básico e o presentado de execución.

Pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Orde do 14 de setembro de 2012, se outorga a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación municipal do Concello de Abegondo (PXOM), publicada no DOG 184 do 26 de setembro de 2012.

En data 14 de abril de 2016 a sección 002 da Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou sentenza anulatoria do plan xeral estimando o recurso contencioso-administrativo interposto pola Plataforma de Afectados o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Abegondo contra a Orde da Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia, de catorce de setembro de 2012, sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Abegondo. Esta sentenza foi ratificada polo Tribunal Supremo con data de 17 de xullo de 2017.

Con data de 23 de agosto de 2018 publícase o decreto 83/2018 polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

Con data de 5 de abril de 2019 publícase o anuncio no Diario Oficial de Galicia da aprobación definitiva do Instrumento de Ordenación Provisional do concello de Abegondo.

Comprobase que as obras solicitadas se atopan dentro do ámbito do IOP.

PROXECTISTA	[Redacted]
DIRECTOR DE OBRA	[Redacted]
DIRECTOR DE EXECUCIÓN	[Redacted]
COORDINADOR DE SS	[Redacted]
ORZAMENTO	141.464,93€

A data de emisión do presente informe non figura achegada á documentación requirida.

Figura un escrito onde se comunica o inicio das obras, o que probablemente sexa un erro xa que implicaría a apertura de un expediente sancionador para os responsables da execución de obras sen licenza.

Para poder proceder ca tramitación do expediente é necesario que se achegue a documentación requirida no anterior requirimento, ou proceder conforme ao artigo 354 do RLSG a declarar a desistencia ou caducidade da solicitude.

Con data de 10/12/22 Alvaro Jesús Pérez Becerra comunicación previa de cambio de titularidade de licenza.

Con data de 1 de marzo de 2023 achegase documentación.

## 2. ORDENANZAS MUNICIPAIS E OUTRA DOCUMENTACIÓN

### Ordenanza municipal reguladora do procedemento de intervención na execución de obras, actividades ou servizos

Oficio de dirección das obras.

Achégase



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

*Plano de urbanización e Rede viaria, identificación das aliñacións, acoutado do sistema viario, superficie de cesión, pavimentación e acometidas..., incorporando a sección tipo da ordenanza de urbanización municipal e un anexo de obras ordinarias de urbanización coas determinacións e contidos establecidos no artigo 6 da Ordenanza municipal para a redacción de proxectos de urbanización, control das obras e recepción.*

~~Non se achega anexo conforme a ordenanza~~

Achégase

**Ordenanza para a redacción de proxectos de urbanización, control das obras e recepción destas polo Concello de Abegondo**

~~Non se aporta anexo de obras ordinarias coas determinacións do artigo 6-  
Conforme a ordenanza deberá executarse unha sección tipo B-~~

~~Conforme o artigo 78, **deberá** urbanizarse en consonancia co anexo I e II da ordenanza.~~

~~Tal e como se relata no artigo 6, a proposta de urbanización e servizos deberá adecuarse no posible ás seccións tipo do anexo I da ordenanza, tendo en conta a xeometría da vía e da parcela, servizos xa existentes e disposicións destes, e sempre de acordo cos servizos técnicos municipais.~~

~~Deberá por tanto achegar anexo de urbanización para o fronte de parcela conforme o anexo I ou ben, conforme ao artigo 6, acordar co departamento municipal de obras as obras necesarias para dar cumprimento á obriga esixida no artigo 78 da ordenanza-~~

~~De acordo co artigo 7, o promotor deberá acreditar que ten solicitadas as autorizacións sectoriais para a execución das obras de urbanización, e deberá acreditar que obtivo a correspondente autorización antes do outorgamento da licenza.~~

Achega anexo de urbanización

### 3. AFECCIÓNS SECTORIAIS

#### TRANSPORTE AÉREO

##### **art. 112 Afeccións do sistema AEROPORTUARIO**

O proxecto atopase dentro da zona de afección das servidumes aeronáuticas do aeroporto de Alvedro.

dáse cumprimento no proxecto básico

### 4. COMPROBACIÓN CUMPRIMENTO LSG 2/2016

#### **artigo 91 lei 2/2016**

*Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe*

dáse cumprimento no proxecto básico

### 5. COMPROBACIÓN CUMPRIMENTO IOP

#### **art 249. condicións xerais de edificación en solo de núcleo rural**

dáse cumprimento no proxecto básico

#### **art 250. condicións xerais de posición**

dáse cumprimento no proxecto básico

#### **art 253. condicións dos usos**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

dáse cumprimento no proxecto básico

**art 254. condicións singulares**

dáse cumprimento no proxecto básico

**art 256. actuacións incompatibles**

dáse cumprimento no proxecto básico

**art 258. ordenanza 1: vivenda familiar recuada**

dáse cumprimento no proxecto básico

6. COMPROBACIÓN NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

**CONTIDO DO PROXECTO SEGUNDO O CTE  
MEMORIA DESCRIPTIVA**

Comprobase que se inclúe na memoria

**MEMORIA CONSTRUCTIVA**

Comprobase que se inclúe na memoria

**CUMPRIMENTO DO CTE**

**Seguridade estrutural**

Xustifica o seu cumprimento

**Seguridade en caso de incendio**

Xustifica o seu cumprimento no proxecto básico

**Seguridade de utilización e accesibilidade**

Xustifica o seu cumprimento

**Salubridade**

Xustifica o seu cumprimento

**Protección contra o ruído**

achega xustificación

**Aforro de enerxía**

Xustifica o seu cumprimento

**PLANOS**

Comprobase que se inclúen.

**PREGO DE CONDICIÓNS**

Comprobase que se inclúe

**MEDICIÓNS E PRESUPOSTO**

Comprobase que se inclúe

**NHV 2010**

dase cumprimento no proxecto básico

**CONDICIÓNS DE ACCESIBILIDADE**

Decreto 35/2000. Non é de aplicación.

**TELECOMUNICACIÓNS**

RD 346/2011. Non é de aplicación.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



**C O N C E L L O**  
D E  
**A B E G O N D O**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA**

RD 390/2021. Achega

**XESTIÓN DE RESIDUOS**

RD 105/2008

Achega

**ESTUDO XEOTÉCNICO**

achega estudio xeotécnico

**SEGURIDADE E SAÚDE**

achega

**CONCLUSIÓN:**

Polo tanto, o técnico que subscribe, e en relación ó Proxecto de Execución presentado para construción da vivenda unifamiliar, previa á comprobación correspondente, infórmase FAVORABLEMENTE dende o punto de vista técnico, de acordo coas seguintes condicións:

1. Que procede realizar as seguintes observacións: o Proxecto presentado é de Execución. Polo tanto, suficiente para o inicio das obras.

Non modifica o Proxecto Básico orixinal polo que non precisa de nova Licencia de obra.

2. As obras axustaranse estritamente ás autorizadas na Licencia de Obra concedida de 02/07/2021, así como as condicións das autorizacións sectoriais.

Se durante o transcurso da obra se realizasen modificacións substanciais que afecten ó cumprimento da normativa urbanística, ordenanzas municipais ou normativa técnica de aplicación, deberase comunicar previamente ó Concello, antes da súa execución.

A concesión de licenza implica á obriga por parte do solicitante do cumprimento dos compromisos de cesión e de realizar as obras de urbanización que figuren no expediente.

3. Deberanse adoptar as medidas precautorias de rigor, cumpríndose especialmente as Ordenanzas Xerais de Seguridade e Saúde Laboral e as disposicións en materia de Seguridade e Saúde nas obras de construción.

4. Os acopios de material, colocación de contedores, casetas de obra, instalación e uso de guindastre, estadas ou maquinaria auxiliar na vía pública, será precedida de solicitude de licenza municipal ou autorización correspondente. Na solicitude presentará a documentación oportuna que representa as características, ubicación, etc, das necesidades previstas ó respecto.

A presente Licencia non faculta ó solicitante para a colocación na vía pública dos elementos citados neste apartado.

5. Todo dano ocasionado na vía pública como consecuencia das obras cuxa licenza se concede será reparado polo petionario e a súa costa. O recinto de obra valarase con peche provisional de 2,00 m de altura ou similar de tal maneira que se asegure o control de acceso e a seguridade. Se o valado necesita ocupación da vía pública, solicitarase a preceptiva licenza. Diariamente garantirase a limpeza, orde e a seguridade do entorno afectado. O recinto ocupado permanecerá pechado fora do horario laboral.

6. Os entullos e materiais de desfeito procedentes da obra serán evacuados con regularidade o vertedoiro municipal ou xestor de residuos autorizados segundo proceda.

7. Previa a execución de novas acometidas ós servizos urbanos, solicitarase e tramitarase a autorización correspondente por parte das entidades xestoras das mesmas.

8. O acto de recoñecemento do Proxecto de Execución, deberá incluír os seguintes datos:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.





**C O N C E L L O**  
D E  
**A B E G O N D O**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

- Contía das obras: 141.464,93€ (mais IVE)
- Técnico autor do proxecto: Santiago Insua Varela, arquitecto
- Técnico director de obra: Santiago Insua Varela, arquitecto
- Técnico director de execución de obra: Antonio Carro Núñez, arquitecto técnico
- Coordinador de SS: Antonio Carro Núñez, arquitecto técnico

9. Finalizadas as obras deberá presentar o Certificado Final de Obra visado polo Colexios Profesionais correspondentes, fotografías exteriores do inmovible rematado incluíndo as fachadas con medianeiras se as houber, xustificante de actualización no Imposto de Bens Inmóbles de natureza urbana.

CONCLUSIÓN: De acordo co exposto, procede dar por recibido o Proxecto de Execución.

E para que conste, expido o presente informe. “

**Visto que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local desta Entidade, en uso das competencias delegadas por Resolución da Alcaldía de data 17 de xuño de 2019 propónse a adopción do seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a licenza de acordo coas consideracións que a continuación se sinalan:

**Número de expediente:** 2022/U022/000008  
**Nome ou razón social do promotor:** [REDACTED]  
**Técnico autor do proxecto e Director das obras:** [REDACTED]  
**Situación ou emprazamento das obras:** TORREIRO - MABEGONDO  
**Finalidade da actuación e uso ao que se destinará:** VIVENDA UNIFAMILIAR  
**Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación:** Núcleo rural complexo. Trama común -SOLO DE NÚCLEO RURAL -ORDENANZA 1. GRAO 3  
**Contía en que se orzan as obras:** 141.464,93  
**Prazo de inicio das obras:** 6 meses desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo.  
**Prazo de finalización das obras:** 36 meses, sen interrupción das obras por tempo superior a 6 meses.

**Outras consideracións:**

As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico e ás Memorias presentados xunto coa solicitude e ás Normas de plan vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no Plan/estudo de seguridade. Os propietarios de toda clase de construcións deben manter en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade conforma ao seu destino

No curso de execución das obras adoptaranse as medidas previstas na lexislación en materia de seguridade e saúde no traballo. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal. A estes efectos, a notificación do acordo de concesión de licenza considérase a licenza.

Nas obras maiores é indispensable a colocación dun **cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.**

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación do ICIO pola cantidade de 1542,43 euros.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo aos interesados aos efectos oportunos.

O que propoño aos efectos oportunos.

**Tras unha breve exposición, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda aprobar a propostas indicadas.**

**3.ACOMETIDA ELÉCTRICA EN BAIXA TENSIÓN – CELSO NUÑEZ S.L.**

**ASUNTO:** ACOMETIDA ELÉCTRICA EN BAIXA TENSIÓN – CELSO NUÑEZ S.L.

**EXPEDIENTE:** 2022/U026/000124

#### **INFORME DE SECRETARÍA**

En cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte, **INFORME con base no seguinte:**

#### **ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:**

**PRIMEIRO.** Preséntase a solicitude co rexistro de entrada (E.R.E) núm. 202299900000892 o día 21/09/2022 1 por parte de Don **Celso Núñez Neira** en representación de CELSO NUÑEZ SL para **subministro eléctrico de 3,45 kW para una motobomba (uso agrícola)**, sita no lugar de Lugar A Fraga s/n, Limiñon, Abegondo, de conformidade coas condicións particulares que se sinalan e as xerais precisadas para todas as obras.

**SEGUNDO.** Os **servizos municipais emitiron o preceptivo informe técnico e xurídico, informes de conformidade** coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO.**

**Primeiro.** Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

*Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.*

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

**Segundo.** O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible.: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración debe figurar no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.
- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitir as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

**Terceiro.** De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentárase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requirir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

**Cuarto.** A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

*"A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.*

*Así mesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."*

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**Quinto.** Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá poñerse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomarase coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

**Sexto.** Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que substitúe ás mesmas é a alcaldía, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

**PROPONSE:**

**PRIMEIRO.** Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de 21/09/2022 12:00:41, asinada por Don **Celso Núñez Neira** en representación de CELSO NUÑEZ SL para **subministro eléctrico de 3,45 kW para una motobomba (uso agrícola)**, sita no lugar de Lugar A Fraga s/n, Limiñón, Abegondo, de conformidade coas condicións particulares que se sinalan a continuación e as xerais precisadas para todas as obras, expediente nº 2022/U026/000124 conforme a documentación anexa á mesma.

**CONDICIÓN PARTICULARES:**

**Deberá cumprir as condicións impostas do punto 2.2 da autorización Dirección xeral de patrimonio cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade con expediente SPR-2022-0659.AUI**

- De apareceren restos arqueolóxicos no transcurso destas obras, comunicarse decontado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que indicará as medidas oportunas.
- Respectaranse as rasantes, anchura e o trazado das vías afectadas, así como os valos, muros 3 de 5 tradicionais de pedra e o arboredo frondoso autóctono (se os houber)
- De seren necesarias, as arquetas de acceso á rede colocaranse ordenadamente e a rentes do chan.
- Logo de rematar as obras, deberán repoñerse todos os pavimentos afectados ao seu debido estado.
- Por outra banda, de cara ao futuro recomendo que se retiren os postes e cables aéreos existentes no territorio histórico do Camiño e soterralos coa finalidade de mellorar a calidade ambiental deste territorio, aspecto que se deberá ter en conta nas reformas das redes existentes que lle afecten. Aspecto que se lle deberá comunicar ás compañías subministradoras e mais ao Concello de Abegondo.

**Deberá cumprir as condicións da autorización de AESA con expediente L23-0013.**

- *No superar los valores de altura y elevación indicados en la tabla anterior para los apoyos de hormigón, incluidos todos sus elementos como antenas, pararrayos, carteles, remates decorativos (carteles, iluminación, etc.) o cualquier añadido sobre los mismos, así como los medios auxiliares que puedan ser necesarios durante su instalación.*
- *Si es necesaria la utilización de medios auxiliares que superen la altura y elevación autorizadas, deberá solicitarse la correspondiente autorización de forma previa y preceptiva a su instalación,*



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

***haciendo referencia a este expediente***

